



Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, para a realización do módulo de formación en centros de traballo, por parte dos estudantes de formación profesional, no Porto de Marín e Ría de Pontevedra

En Santiago de Compostela, catro de setembro de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no Decreto 96/2018, do 26 de setembro, polo que se nomea conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional a Carmen Pomar Tojo.

Doutra, don-----, en calidade de presidente da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, segundo Orde da Consellería do Mar do 25 de maio de 2009, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 103 do 28 de maio de 2009, e a Orde FOM/1537/2009, do 29 de maio, publicada no Boletín Oficial do Estado nº 142, do 12 de xuño de 2009, actuando en representación do citado organismo e en virtude das facultades que para ese efecto lle confire o Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, con C.I.F. Q-3667004- J, e domiciliada en Parque de Cantodarea, s/n – Porto de Marín, 36900 Marín, Pontevedra.

Interven en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.





EXPOÑEN

1. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e ás alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.

2. Que co fin de contribuír á formación integral do alumnado de formación profesional da nosa Comunidade Autónoma e ao mellor coñecemento do sistema portuario, a autoridade portuaria de Marín e Ría de Pontevedra está disposta a prestar a colaboración necesaria para a realización de prácticas por parte do alumnado nas instalacións do referido porto, e acordan subscribir este convenio, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer un programa de cooperación educativa a través do cal o alumnado de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia poida complementar a formación adquirida no centro educativo coa formación práctica, concretamente a realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT) nas instalacións do porto de Marín e Ría de Pontevedra.

Segunda. Compromisos das partes

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos centros educativos correspondentes que impartan formación profesional, comprométese, de conformidade co disposto na normativa vixente, a informar previamente o





presidente da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, sobre as características das prácticas, a duración fixada, horarios, actividades a realizar e cantas cuestións sexan necesarias para o desenvolvemento de tales prácticas ao obxecto de poder ter en conta tales extremos á hora de valorar a realización das mesmas e poder programalas no porto.

Para os efectos do disposto na Disposición adicional quinta da Real decreto-lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, tratándose de prácticas e programas formativos non remunerados, corresponde ao centro educativo no que o alumnado curse os seus estudos o cumprimento das obrigacións en materia de Seguridade Social.

A Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra comprométese a:

- a. Aprobar para cada curso académico o número de prazas de prácticas que considere conveniente de acordo coas características do porto.
- b. Ofrecer as condicións necesarias para recibir ao alumnado e facilitar o desenvolvemento e o desempeño das súas tarefas.
- c. Facilitar a colaboración do profesorado dos centros sostidos con fondos públicos que imparten formación profesional co persoal portuario cualificado, no deseño e desenvolvemento de todo tipo de actividades que se realicen.
- d. Impulsar a participación voluntaria dos profesionais cualificados do seu ámbito nas actividades que poidan interesar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e aos centros que imparten formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como charlas, mesas redondas, presentación de relatorios, cursos etc.

O/a alumno/a non terá en ningún caso vinculación laboral coa Administración Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, non podendo establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequer baixo as modalidades de contratos formativos, previstos no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este convenio queda absolutamente excluído da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a autoridade portuaria e o/a alumno/a, mentres non se revogue expresamente o documento de formalización da colaboración





entre o centro educativo e a autoridade portuaria, respecto dese/a alumno/a. Do presente convenio non se derivan obrigacións económicas para ningunha das partes.

Terceira. Cobertura de riscos

A cobertura de riscos do alumnado en prácticas axustarase ao seguinte réxime:

Do presente convenio non derivará para a Administración Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra obrigación algunha referente a calquera dos réximes da Seguridade Social, xa que as continxencias quedarán cubertas polo seguro escolar.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan as cousas ou a terceiros como ao propio alumno, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Cuarta. Documento de formalización do compromiso e selección do alumando

A selección do alumnado que vaia realizar as prácticas corresponderá aos centros que imparten formación profesional, por medio do oportuno procedemento de selección, en función do número de prazas ofertadas polo porto.

Os centros educativos e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra subscribirán, ao amparo do presente convenio, un documento de formalización da colaboración entre ambos para o desenvolvemento do módulo de formación en centros de traballo nas instalacións do centro portuario, por parte do alumnado de formación profesional do centro educativo, que será asinado polo presidente da Autoridade Portuaria e o director do centro educativo.

O documento de formalización extinguirase por expiración do tempo convido, e a súa resolución poderá realizala calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que será comunicada á outra cunha antelación mínima de quince días e baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento de actividades do centro educativo ou do centro portuario.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.





- c. Incumprimento das cláusulas establecidas no documento específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas, ou vulneración das normas que, en relación coa realización das actividades programadas, estean en cada caso vixentes.
- d. Mutuo acordo, adoptado pola dirección do centro educativo e do centro portuario.

Igualmente, poderase rescindir para un determinado alumno/a ou grupo de alumnos/as, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación por decisión unilateral dunha das partes, ou conxunta de ambos, nos seguintes casos:

- a. Faltas repetidas de asistencia ou puntualidade non xustificadas.
- b. Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, previa audiencia ao interesado.
- c. Por razóns que poidan afectar á seguridade, tratamento ou boa orde do porto, valoradas pola dirección do centro portuario, que serán comunicadas ao director do centro educativo correspondente.

Quinta. Formación e avaliación

A Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra designará as persoas responsables para a coordinación das actividades formativas, que xunto co profesorado titor do centro educativo serán os encargados da programación das actividades formativas a desenvolver polo alumnado, do seguimento e control da formación deste alumnado durante o seu período de prácticas e da avaliación das actividades realizadas. Así mesmo, serán os encargados de resolver en primeira instancia as incidencias que se produzan, debendo informar o máximo responsable dos problemas ou circunstancias especiais que requiran da súa intervención.

A representación das persoas traballadoras do organismo portuario será informada do contido específico do programa formativo que desenvolverá o alumnado suxeito ao documento de colaboración nos termos contemplados no artigo 15 do II Convenio Colectivo de Portos do Estado e Autoridades Portuarias.

A xestión da documentación, así como o seguimento, supervisión e avaliación das prácticas realizarase por medio do sistema establecido pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Comunidade Autónoma de Galicia e polos contactos que se poidan establecer entre o centro portuario e o centro educativo.





Sexta. Deberes do alumnado

O alumnado estará suxeito á duración, calendario, horario, lugar e actividade establecidos, aplicarase con dilixencia ás tarefas encomendadas, manterase en contacto co responsable das actividades formativas no centro de traballo e co profesorado tutor responsable das prácticas e gardará sxiilo sobre as tarefas que estea a realizar durante o seu período de prácticas e unha vez que este finalizase.

Dado o carácter formativo das prácticas, o alumnado non poderá asinar nin asumir responsabilidades funcionais nin emitir informes nin decidir actuacións que requiran cualificación profesional.

Sétima. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento e interpretación do presente convenio para os efectos do disposto no artigo 49. f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; reunirse cando o consideren oportuno calquera das partes asinantes, co obxecto de realizar un balance das accións realizadas e planificar actividades futuras.

Esta comisión estará constituída por:

- a. Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- b. Dúas persoas representantes da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.
- c. Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que actuará como secretario, con voz pero sen voto.

Oitava. Vixencia do convenio

O convenio terá efectos unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO), e publicado no Boletín Oficial do Estado. A súa duración será de catro anos, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes, e en tanto non se denuncie expresamente.

Novena.- Modificación, extinción e resolución do convenio

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.





Serán causa de resolución do convenio, de acordo co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto.
- d) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no presente convenio ou noutras leis.

Décima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o alumnado e o centro portuario que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).





Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso dos interesados á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

A conselleira de Educación, Universidade e
Formación Profesional

O presidente da Autoridade Portuaria de
Marín e Ría de Pontevedra

Carmen Pomar Tojo

